



DECRETO DA ALCALDÍA NÚM.:

Expediente electrónico: 2022/X999/000137

Tipo de contrato: obras

Plan: POS+22

Obra: Mellora de pavimentación da vía en Vilar de Abaixo-Parroquia da Pereira-modificado-

Asunto: aprobación do inicio de expediente contratación

Departamento: Contratación, adxunto a secretaría

Código da obra: 2022.2000.0252.0

Importe: 81597,94 €

FEITOS

Logo de ver o expediente que se tramita para a contratación da obra *Mellora de pavimentación da vía en Vilar de Abaixo-Parroquia da Pereira-modificado-*, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos). (Plan único de concellos) POS+ 2022. Anualidade 2022.

E de ver os datos referentes a este decreto:

- **Procedemento:** Contrato de obras (artigo 13 da LCSP)
- **Carácter do contrato:** administrativo (artigo 25 da LCSP)
- **Expediente:** 2022/X999/000137
- **Documento:** Decreto de inicio
- **Órgano de contratación:** a alcaldía
- **Asinantes:** o alcalde-a secretaria xeral

E de ver os datos referentes as Bases reguladoras do plan provincial (POS+22):

- **Aprobación das Bases Pleno da Deputación da Coruña:** 26/11/2021
- **Publicación das Bases:** BOP núm. 228 do 30/11/2021

E de ver os datos referentes á aprobación do proxecto:

- **Pleno da Corporación municipal:** 10/02/2022
- **Pleno da Deputación da Coruña:** 23/06/2022
- **Proxecto modificado. Pleno da Corporación municipal:** 13/02/2023
- **Resolución do Presidente Deputación levantamento condición:** núm. 20136/2024 do 15/05/2024

E de ver os datos que constan no expediente:

- o proxecto técnico
- a aprobación do proxecto técnico
- a memoria xustificativa
- a providencia da alcaldía
- a necesidade á que se pretende dar satisfacción mediante a contratación das prestacións correspondentes; e a súa relación co obxecto do contrato, que é directa, clara e proporcional
- a decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato
- a acta de implantación do proxecto
- o certificado de retención de crédito que acredita a existencia de financiación
- a acreditación da dispoñibilidade de todo o financiamento de distinta procedencia



As características do contrato que se pretende executar:

- **Tipo de contrato:** obras
- **Procedemento:** Contrato de obras mediante procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática)
- **Obxecto:** *Mellora de pavimentación da vía en Vilar de Abaixo-Parroquia da Pereira-modificado-*
- **Tramitación:** Ordinaria
- **Código CPV:**
45233223-8 Traballos de repavimentación de calzadas
- **Valor estimado do contrato:** 67436,31 euros (IVE excluído)
- **IVE (21 %):** 14161,13 €
- **Orzamento base da licitación:** 81597,94 € (IVE incluído)
- **Lugar de execución:** o que se indica no proxecto técnico
- **Duración da execución:** 3 meses
- **Lotes.** Non procede a división en lotes. Motivo: a aplicación da previsión contida no artigo 99.3.b da LCSP, (decreto do alcalde núm. 134/2022 modificado no 318/2022 do 10/02/2022 do 11/03/2022).
- **Aplicación orzamentaria:** 453 61900
- **Operación núm.:** 220220009355 e 220240002963
- **Referencias núm.:** 22022000944 e 22024000724
- **Data da retención:** 29/08/2022 e 11/07/2024

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 A subscrición de contratos por parte das administracións públicas requirirá a tramitación previa do correspondente expediente, que será iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos nos artigos 28 e 116.1 da LCSP. Deberá ser publicado no Perfil de Contratante.

2 A duración da obra é inferior aos dous anos polo non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos deste contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión, ao abeiro do artigo 103.5 da LCSP.

Correspóndenlles aos alcaldes e aos presidentes das entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de €, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada, ao abeiro do apartado 1 da Disposición adicional segunda da LCSP.



De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1.- Declarar a non procedencia da revisión de prezos que se motiva no prazo de execución das obras que é inferior ao ano, así como na natureza da obras. No PCAP farase constar esta circunstancia.

2.- Iniciar o expediente para a contratación da obra *Mellora de pavimentación da vía en Vilar de Abaixo-Parroquia da Pereira-modificado*- mediante o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), non suxeito a unha regulación harmonizada. Tramitación: ordinaria.

3.- Xustificar a celebración do contrato polos motivos que se relacionan na memoria xustificativa e na providencia da alcaldía que constan no expediente, onde se acredita que a contratación mediante un contrato de obras é a forma máis idónea e eficiente realizar os fins do concello.

4.- Ordenar a redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares, (en diante PCAP), que deben rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

5.- Logo de redactarse o PCAP, emítanse estes informes:

- da secretaría xeral, os informes que a lei asigna aos servizos xurídicos expediraos o secretario. Será tamén preceptivo o informe xurídico do secretario na aprobación de expedientes de contratación, modificación de contratos, revisión de prezos, prórrogas, mantemento do equilibrio económico, interpretación e a resolución dos contratos, segundo a disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP.

- o de fiscalización pola intervención municipal, ao abeiro disposición adicional terceira, apartado 3 da LCSP.

6.- Dar conta ao Pleno da Corporación municipal na primeira sesión que celebre.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

Alberto Romar Landeira
(Documento que se asina electronicamente)

Dou fe
A secretaria xeral

Cristina Alonso Losada